1. Os/as traballadores/as, previo aviso e xustificación axeitada, cunha antelación mínima de 3 días, salvo causas imprevistas, e de 15 para os casos en que se necesite substitución, ou se trate dunha licenza por matrimonio, terán dereito a permisos retribuídos polos tempos e causas seguintes:

- 15 días naturais por matrimonio ou formalización de parella de feito a gozar no período inmediatamente previo ou posterior á data da voda.

- 1 día por voda de fillos/as ou netos/as. Para o resto de familiares de ata 2.º grao 1 día en caso de que a voda coincida en día laborable.

- 20 días naturais en caso de acollemento a gozar no período inmediatamente previo ou posterior.

- 5 días laborais polo falecemento, accidente ou enfermidade graves, hospitalización ou intervención cirúrxica sen hospitalización que precise repouso domiciliario, de parentes ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade, así como calquera outra persoa distinta aos anteriores, que conviva coa persoa traballadora no mesmo domicilio e que requira o coidado efectivo de aquela.

O permiso por falecemento iniciárase o primeiro día hábil.

O parentesco ata 2.º grao por consanguinidade comprende en liña descendente a fillos/as e netos/as e ascendente a pais/nais e avós/avoas, e en colateral a irmáns/irmás. O parentesco por afinidade comprende ao cónxuxe propio, aos cónxuxes de fillos/as e netos/as e aos pais ou nais daqueles e aos avós/as e irmáns/irmás políticos.

- 4 días laborais ao ano por causa de forza maior cando sexa necesario por motivos familiares urxentes e imprevisibles, en caso de enfermidade ou accidente que fagan indispensable a súa presenza inmediata (37.9 ET.).

- 2 días laborais por traslado de domicilio habitual.

Nestes dous supostos, en caso de necesidade, poderase dispor de días adicionais recuperables, como medida de conciliación da vida laboral e familiar.

- Deber público inescusable e persoal: polo tempo indispensable para o seu cumprimento, como, por exemplo, a participación nunha mesa electoral, ou a asistencia como testemuña a un xuízo, etc.

- Para realizar funcións sindicais e de representación do persoal, o número de horas mensuais segundo o establecido na lexislación vixente.

- Por lactación dun menor de 9 meses: unha hora de ausencia ao día ou unha redución da xornada normal en media hora. Poderá acumularse ao permiso de maternidade cunha duración de 15 días laborais previa solicitude á Secretaría Provincial cunha antelación mínima de 15 días e o dito permiso deberá ser inmediatamente posterior á fin da prestación por maternidade.

- Polo tempo indispensable para a realización de exames prenatais e técnicas de preparación ao parto que deban realizarse dentro da xornada de traballo.

- Polo tempo indispensable para asistir a consulta médica do/a propio/a traballador/a, a consultas do Servizo Público de Saúde, cando non sexa posible realizalo fora do horario laboral.

- Polo tempo indispensable para asistir á consulta médica do Servizo Público de Saúde como acompañante de familiares de 1.º grao, debendo aportar xustificante médico, ata un máximo de 3 horas mensuais en cómputo trimestral, sendo recuperables as horas de exceso e podendo acumularse as horas non utilizadas no período anual.

- Polo tempo necesario para concorrer a exames cando se cursen con regularidade estudos para a obtención dun título académico.

- En caso de enviar os/as traballadores/as que teñan fillos/as menores de 16 anos ou con discapacidade, terán dereito a un mes de licenza retribuída.

- Nos supostos de extinción do contrato por causas obxectivas, durante o período de preaviso ten dereito a 6 horas semanais para buscar un novo emprego.

- Por asuntos propios 5 días laborais, que poderán gozarse ata o 31 de decembro. A solicitude de días persoas da mesma área ou proxecto de forma simultánea, dependerá, para a súa aprobación de que a actividade non se vexa afectada. Non poderán acumularse aos períodos vacacionais. Serán proporcionais ao período efectivamente traballado.

Dos 5 días de asuntos propios un poderá collerse por horas (1 día 8 horas).

Artigo 31. Permiso non retribuído

Non obstante ao establecido nos puntos anteriores, os/as traballadores/as con polo menos un ano de antigüidade na empresa, e para casos extraordinarios poderá solicitar permisos sen soldo por un máximo dun mes e será competencia da dirección a aprobación do mesmo, debendo ser solicitado con polo menos dez días de antelación.

O/a traballador/a poderá optar por facerse cargo da Seguridade Social, evitando a baixa e ou alta na Seguridade Social.

Establécese un novo permiso parental como causa de suspensión do contrato de traballo, sen dereito a remuneración, para o coidado de fillo ou filla ou menor acollido por tempo superior a un ano, ata que o menor cumpra 8 anos. Este permiso terá unha duración non superior a oito semanas continuas ou descontinuas, é intransferible e poderá gozarse a tempo completo ou en réxime de xornada a tempo parcial.

Capítulo VIII. Excedencias

Artigo 32. Excedencia forzosa

Son excedencias todas as situacións de suspensión do contrato de traballo solicitadas polo/a traballador/a.

A excedencia forzosa, conleva a suspensión do contrato de traballo con reserva de posto de traballo, e pode deberse aos

supostos recollidos na lexislación vixente como a designación ou elección por cargo público que imposibilite a asistencia ao posto de traballo.

A súa concesión é obrigatoria pola empresa e o seu período considérase como traballado a efectos do cómputo de antigüidade e conleva o dereito de reserva de posto de traballo. O reingreso debe ser solicitado dentro do mes seguinte ao cese da causa que a orixinou.

Artigo 33. Excedencia voluntaria

A excedencia voluntaria pode darse por las seguintes causas:

a) Para o coidado de fillos/as, cónxuxe, ascendentes e descendentes:

Os/as traballadores/as terán dereito a un período de excedencia de duración non superior a 3 anos para atender o coidado de cada fillo/a, tanto cando o sexa por natureza, como por adopción, ou nos supostos de acollemento, tanto permanente como preadoptivo, aínda que estes sexan provisionais, que contarán desde a data de nacemento ou, no seu caso, da resolución xudicial ou administrativa.

Tamén terán dereito a un período de excedencia, de duración non superior a dous anos os/as traballadores/as para atender o coidado dun familiar ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade, que por razóns de idade, accidente, enfermidade ou discapacidade non poda valerse por si mesmo, e non desempeñe actividade retribuída.

A excedencia contemplada no presente apartado, cuxo período de duración poderá gozarse de forma fraccionada, constitúe un dereito individual dos traballadores, homes ou mulleres. Non obstante, se dous ou máis traballadores/as da mesma empresa xerasen este dereito polo mesmo suxeito causante, o empresario poderá limitar o seu exercicio simultáneo por razóns xustificadas de funcionamento da empresa.

Cando un novo suxeito causante dera dereito a un novo período de excedencia, o inicio da mesma dará fin á que, no seu caso, se viñera gozando.

O período no que o/a traballador/a permaneza en situación de excedencia conforme ao establecido neste apartado será computable a efectos de antigüidade e o traballador terá dereito á asistencia a cursos de formación profesional, a cuxa participación deberá ser convocado polo empresario, especialmente con ocasión da súa reincorporación.

Durante o primeiro ano terá dereito á reserva do seu posto de traballo, e durante os dous anos seguintes a un posto de traballo da mesma categoría. A non incorporación ao seu posto de traballo por causa imputable ao traballador/a implicará a extinción da relación laboral.

b) Por interese particular:

O/a traballador/a cunha antigüidade de polo menos un ano na empresa, ten dereito a que se lle recoñeza a posibilidade de situarse en excedencia voluntaria por un prazo non menor de 4 meses e non maior de 5 anos.

A solicitude deberá cursarse como mínimo cun mes de antelación á data do inicio do goce da excedencia. O acordo adoptado por parte da empresa deberá emitirse no prazo de trinta días e comunicarse ao/á interesado/a e á representación dos/as traballadores/as.

Se o/a traballador/a ten solicitado unha excedencia por un prazo inferior a 5 anos poderá solicitar a prórroga da mesma ata completar o dito período máximo cunha antelación mínima de 1 mes para cada prórroga solicitada.

Unha vez reintegrado o/a traballador/a ao seu posto de traballo, non poderá solicitar unha nova ata que non transcorren, polo menos, 4 anos desde a data da súa reincorporación.

No caso de excedencia por interese a reserva do posto de traballo durante o primeiro ano poderá concederse no caso de que a mesma se solicite por motivos de saúde ou estudos, debidamente xustificadas. Unha vez transcorrido o dito prazo, ou cando a excedencia non se xustifique polos motivos anteriores a reserva quedará referida dun posto de traballo do mesmo grupo profesional ou categoría equivalente.

O período de excedencia voluntaria non será computable a efectos de antigüidade.

Artigo 34. Reingresos

Se unha vez finalizada a excedencia, o/a traballador/a desexa reincorporarse, deberá solicitalo cun preaviso mínimo dun mes de antelación á data de expiración da excedencia.

O/a traballador/a que solicite o seu reingreso sen dereito a reserva de posto de traballo, terá dereito a ocupar a primeira vacante cuxa cobertura resulte necesaria que se produza, de igual grupo profesional e, no seu caso, titulación e especialidade ás súas. O/a traballador/a será informado desta primeira vacante, e se renunciara a ela, perdería o seu dereito ao reingreso.

Se non existira vacante no seu grupo e si a houbera nun grupo profesional inferior, poderá optar a esta ou ben esperar a que se produza aquela. No suposto de que optase por ocupar vacante de inferior grupo profesional, percibirá as retribucións correspondentes a esta, mantendo a opción a ocupar a vacante que se produza no seu grupo profesional.

Capítulo IX. Réxime retributivo

Artigo 35. Estrutura retributiva

A retribución do persoal afectado por este convenio estará integrada polos seguintes conceptos:

- A) Salario base
- B) Complementos salariais
- C) Pagas extraordinarias

Artigo 36. Salario base

O salario base o constitúe a retribución do/a traballador/a, que virá determinada polo grupo profesional ao que pertenza, determinada na táboa salarial do anexo I.

Se a xornada fose inferior á xornada ordinaria, o soldo base reducirase proporcionalmente á xornada que efectivamente realicen.

En caso de prórroga do Convenio, no último trimestre de cada ano reunirase a Comisión Paritaria para establecer a revisión salarial do ano seguinte, tendo en consideración a lexislación vixente en cada momento.

Artigo 37. Complementos salariais

Son as cantidades que, no seu caso, deben adicionarse ao salario base, atendendo a circunstancias distintas á unidade de tempo e poderán ser:

1. Complementos salariais persoais:

Este complemento recolle un dereito adquirido, ad persoam, os cales haberán de respectarse como condicións máis beneficiosas.

Devíndanse dous tipos de garantías:

- As condicións máis beneficiosas que xa viña gozando o persoal, con motivo da supresión definitiva do complemento de antigüidade, tanto nos seus aspectos normativos como retributivos, absorberá o complemento de experiencia do presente convenio quedando a diferenza como complemento ad persoam.

Ambos complementos serán persoais e manteranse durante a vixencia do contrato de traballo.

- É o que se percibe en función da aplicación das condicións máis beneficiosas, que poderán vir gozando as traballadoras e traballadores no momento de aplicación deste convenio e que superen o recollido no mesmo, pola adecuación de grupos e a supresión dos niveis dos distintos grupos existentes anteriormente. Terán o tratamento de non compensable, nin absorbible.



Os importes deste complemento manteranse por tempo indefinido como un complemento retributivo “ad persoam”, extingúndose xuntamente coa extinción do contrato do traballador.

2. Complementos salariais de posto de traballo:

Os complementos de posto de traballo son aqueles de índole funcional que retribúen as características do posto de traballo ou a forma de realizar a actividade profesional. A percepción destes complementos depende exclusivamente do exercicio da actividade profesional no posto de traballo, polo que non ten carácter consolidable en canto á súa percepción unha vez que deixen de producirse as circunstancias que os orixinaron. Segundo o anterior podemos distinguir:

2.1. Complemento de nocturnidade: retribúe o traballo efectuado en horario nocturno, que se considera o realizado entre as 22.00 horas da noite e as 06.00 horas da mañá. Será compensado na forma establecida neste apartado polas horas efectuadas no dito horario.

Poderá compensarse economicamente ou en tempo de descanso equivalente. No caso de compensación económica, esta será do 25% do seu salario base, devindicándose proporcionalmente ao tempo efectivamente traballado no dito horario.

2.2. Complemento de traballo a quendas: considérase traballo a quendas toda forma de organización do traballo segundo a cal a prestación dos servizos dun mesmo posto de traballo se realiza de maneira sucesiva, segundo un certo ritmo continuo ou discontinuo e en días e/ou horas diferentes durante un período determinado de días ou semanas. Os/as traballadores/as suxeitos a quendas terán asignado un complemento de turnicidade salvo que o seu salario se establecenas atendendo a que o seu traballo sexa orixinalmente a quendas e inclúa, como mínimo, a compensación recollida neste Artigo ou se acordara a compensación deste traballo por descansos. En calquera caso este complemento devindicará por un mínimo do 15% do salario base do/a traballador/a en xornada ordinaria e proporcionalmente ao tempo efectivamente traballado a quendas. Os traballos a quendas deberán ser comunicados con polo menos un mes de antelación aos traballadores afectados, antes do comezo dos mesmos.

2.3. Complemento de responsabilidade, de coordinación e de proxecto:

- Complemento salarial de responsabilidade. É o que retribúe unhas determinadas e específicas funcións e/ou actividade singular que require unha especial dedicación, responsabilidade e/ou xefatura e que se abonará durante o tempo que dure a realización destas.

Percibirano os traballadores/as que exerzan responsabilidades de índole funcional, referentes de áreas, coordinadores/as comarcais, cando conflúan ditos requisitos de dedicación, responsabilidade e xefatura.

- Complemento de coordinación. É o que retribúe as funcións derivadas da coordinación dun equipo de traballo integrado por un mínimo de tres persoas, así como o estar a cargo dos diferentes recursos necesarios para a consecución dos resultados específicos encomendados, cando dita coordinación se realice de forma efectiva.

Para o complemento de coordinación establécese unha contía mínima e un máximo en base ao número de integrantes e dificultade de coordinación do equipo de traballo segundo as táboas do anexo I

- Complemento salarial de proxecto. Para os efectos deste complemento enténdese por proxecto calquera actividade que podamos dividir en tarefas que non sexan cíclicas, que podan caracterizarse con precisión, interrelacionadas e coordinadas entre si, que se realizan co fin de producir determinados bens

e servizos capaces de satisfacer necesidades ou resolver problemas, e limitación temporal na execución do mesmo. En calquera caso, de cumprirse os parámetros xerais definidos anteriormente entenderase por proxecto a participación en calquera actividade que se desenvolva para un terceiro alleo á entidade, mediante calquera fórmula de relación contractual prevista na lexislación, sempre e cando a mesma no sexa a actividade principal ou a que a entidade desenvolve habitualmente.

- Incompatibilidade dos complementos de responsabilidade, coordinación e proxecto. Cando nun/unha mesmo/a traballador ou traballadora poderá concorrer máis dun complemento de responsabilidade unicamente recibirá o correspondente ao plus de función máis alto.

3. Complemento salarial de cantidade ou calidade de traballo:

Estes complementos non teñen carácter consolidable e só se percibirán mentres o traballador ou traballadora desenvolva efectivamente a actividade e/ou circunstancia que dá dereito a eles.

3.1 Complemento por garda e/ou expectativa:

Enténdese por garda o expectativa o feito polo que a persoa traballadora está localizable telefonicamente en todo momento durante un período tempo previamente establecido para a incorporación á actividade laboral, fora da súa xornada habitual de traballo nun tempo máximo de 3 horas, co fin de realizar traballos ou tarefas que se requiran con carácter de urxencia. As entidades designaran os servizos, actividades, actuacións e/ou postos que serán susceptibles de aplicar a garda e organizarán, no seu caso, aos traballadores para a súa realización por quendas e períodos determinados que se atopan en situación de garda ou expectativa. O calendario de garda ou expectativa deberá ser comunicado ás persoas traballadoras con polo menos unha semana de antelación antes do comezo efectivo da mesma, ou no seu caso establecendo unha calendarización que permita coñecer a quenda con dito marxe de antelación, salvo razóns de urxencia debidamente xustificadas. A aceptación do réxime de garda ou expectativa será voluntaria para o/a traballador/a. O réxime de garda ou expectativa será de libre elección, en calquera caso, para as persoas traballadoras maiores de 55 anos, as traballadoras que se atopen en estado de xestación o aquelas persoas traballadoras que conten con fillos/as menores de 12 anos. Non obstante se o número de persoas que aceptasen o servizo de garda fora inferior ao requirido para a correcta prestación do servizo, a dirección da entidade cando a realización de garda forme parte do proxecto, programa o servizo de que se trate, poderá adscribir á quenda de gardas ás persoas que, vinculadas a ditos proxectos, programas ou servizos, non se atopen en situación de libre elección previa comunicación á representación legal dos/as traballadores/as se a houbera. Non obstante, no suposto de que aínda nese caso non se cubra o servizo con persoal suficiente para prestalo, as entidades e a representación legal das persoas traballadoras reuniranse, á maior brevidade posible, para determinar a solución aplicable.

As persoas traballadoras terán dereito a ser relevadas das súas tarefas de garda durante os días de vacacións, asuntos propios e incapacidade temporal e períodos de descanso que se gocen por compensación. Serán de aplicación ao tempo de traballo efectivo a duración máxima da xornada ordinaria de traballo establecida no artigo 34 do ET e os límites establecidos para as horas extraordinarias no seu Artigo 35 así como, no seu caso, o réxime de horas extraordinarias establecido neste convenio. As persoas traballadoras no poderán realizar unha xornada diaria presencial superior a 12 horas, incluídas, no seu caso, as horas extraordinarias.

O réxime de garda configúrase de forma dual: por tempo de garda e tempo de activación.

a) O de garda (tempo de dispoñibilidade), é o período de tempo fora do horario laboral da persoa traballadora en que está localizable pola entidade telefonicamente.

b) O tempo de activación de garda é aquel período de tempo fora do horario laboral da persoa traballadora, no que se precisa da súa incorporación á actividade laboral para atender os traballos ou tarefas que sexan requiridos, nun período de 3 horas desde que lle sexa comunicado. Considerarase tempo efectivo de traballo o que comprenda a actuación requirida.

Contía e tempo de traballo efectivo. As persoas traballadoras que sexan asignadas a un servizo de garda nos termos anteriores percibirán un complemento salarial de garda e expectativa polo período que permanezan en tempo de garda. Adicionalmente ao anterior, o tempo de activación de garda así como as chamadas telefónicas cuxa duración sexa superior a 20 minutos consideraranse como tempo efectivo de traballo podendo ser compensado, por acordo mutuo, a elección da Entidade economicamente ou mediante períodos de descanso nos termos establecidos no convenio colectivo para as horas extraordinarias, e nos casos de nocturnidade serán compensadas do mesmo modo que os festivos, podendo ser acumulables, con carácter xeral, a outros permisos e vacacións, sempre que non altere a organización do centro de traballo, en cuxo caso deberá ser comunicado por escrito á persoa traballadora. A persoa traballadora percibirá un complemento salarial de 240 € cada vez que se atope en situación de expectativa de garda por período mensual, percibindo a parte proporcional en caso de período de dispoñibilidade inferior. En caso de que o tempo de garda corresponda a unha semana completa o complemento salarial será de 60 euros. Este complemento devindicarase polo período de tempo que a persoa traballadora se atope en situación de expectativa de garda, durante o dito período temporal ou quenda, polo que non é un complemento de devindicación periódico, non sendo tampouco consolidable nin absorbible.

3.2 Complemento de plena dedicación: enténdese por plena dedicación o réxime de traballo libremente aceptado polo/a traballador/a polo cal se compromete á realización do tempo de traballo que sexa necesario para o mellor desempeño das funcións que ten adxudicadas incluídas as eventuais prolongacións de xornada. Os traballadores/as adscritos a este réxime de traballo percibirán una cantidade bruta anual equivalente como mínimo de un 10% do salario bruto anual que lles corresponda polo grupo profesional ao que se atopen adscritos. O complemento denominado plena dedicación compensa e satisfai as eventuais prolongacións de xornada que como consecuencia das responsabilidades adquiridas na actividade laboral do traballador/a poderán producirse de maneira excepcional.

A percepción deste complemento non suporá modificación algunha nos dereitos e obrigacións no referido ao réxime de traballo salvo no relativo á ausencia de compensación por horas extraordinarias. Este complemento é de libre aceptación polo traballador/a sen que elo implique que co transcurso do tempo poda consolidar dereitos adquiridos en canto á súa percepción en caso de deixar de efectuar a plena dedicación.

3.3 Complemento de experiencia profesional:

De maneira xeral establécese que todos os/as traballadores/as, incluídos no ámbito de aplicación deste convenio, cunha experiencia de 3 anos na entidade percibirán as cantidades anuais recollidas na táboa correspondente.

Este complemento quedará consolidado e será revalorizable xerándose o dito dereito unha soa vez na vida laboral do mesmo.

Artigo 38. Pagas extraordinarias

O persoal afectado polo presente convenio percibirá dúas pagas extraordinarias completas (salario base e complementos) unha no mes de xuño e outra no mes de decembro.

Aos efectos do cómputo do pago destas gratificacións, entenderase que a de xuño retribúe o período comprendido entre o 1 de xaneiro ao 30 de xuño, e a de decembro do 1 de xuño ao 31 de decembro.

Nos casos nos que polos requisitos e/ou prazos estipulados polos financiadores sexa necesario, para non perder a financiación das pagas extras, o rateo das pagas extras dalgúns/algunhas traballadores/as, estas ratearanse previo aviso ao/a traballador/a e informando ao Comité de Empresa.

Para a percepción íntegra das pagas extraordinarias, será preciso ter prestado servizos ininterrompidos durante os seis meses anteriores ao da súa devindicación. Caso de que o tempo de prestación de servizos fose menor, reducirase o seu importe proporcionalmente ao tempo de servizo prestado no semestre correspondente.

Artigo 39. Retribución en incapacidade temporal

En caso de incapacidade temporal por enfermidade común, accidente non laboral, enfermidade profesional, accidente laboral ou maternidade, garantirase a retribución do 100% do salario, percibíndose como complemento a diferenza existente entre o importe total de salario que houbera de percibir e as prestacións que reciba da Seguridade Social.

Artigo 40. Compensación de gastos de viaxe

Se no desenvolvemento do servizo algún traballador/a tivera que desprazarse fora do municipio onde se atope o seu centro de traballo, se lle abonarán os gastos de desprazamento, aloxamento e/ou manutención mediante a presentación das facturas correspondentes, e ata o máximo que se sinala a continuación:

Concepto; Importe

Almorzo; Ata 6 €

Comida; Ata 16 €

Cea; Ata 16 €

Billetes clase turista; Segundo factura

Quilometraxe; 0,19 €/km

Se houbese vehículo da entidade dispoñible, utilizarase preferentemente ao vehículo particular.

O importe correspondente ao quilometraxe, adaptarase á lexislación vixente en cada momento.

Artigo 41. Pago de nóminas mensuais

O ingreso en conta dos salarios efectuarase o día 28 de cada mes e o abono das pagas extras será o día 20 dos meses de xuño e decembro (ou no seu caso o seguinte día hábil).

Artigo 42. Revisión salarial

Establécense as táboas salariais de aplicación para os anos 2023 a 2025 que figuran no anexo I.

A comisión paritaria reunirse con anterioridade ao exercicio 2026 para acordar a posible suba salarial en dito exercicio.

En caso de prórroga do convenio, igualmente reunirse a comisión paritaria para acordar as subas a aplicar de acordo á lexislación en cada momento.

Excepcionalmente, as persoas que se xubilen entre a sinatura deste convenio e o 1 de xaneiro de 2025, recibirán unha gratificación extraordinaria que se cuantificará en cada caso, pola diferenza da cantidade percibida no momento da xubilación, e a que houbera percibido se as táboas se houberan aplicado integramente no exercicio 2023.

Esta excepción non será aplicable ás persoas que se xubilen ou prexubilen con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2025 e extinguirase coa denuncia do presente convenio.



Capítulo X. Condicións sociais

Artigo 43. Gratificacións

Concederáse unha gratificación por nacemento de fillos/as de 100 € unha vez notificado polo/a traballador/a.

Artigo 44. Anticipos e préstamos

O persoal adscrito ao presente convenio ten dereito a solicitar, con antelación ao momento sinalado para o pago, anticipos a conta do xa traballado que serán desa mensualidade.

Así mesmo, o persoal con máis de 1 ano de antigüidade, terá dereito a solicitar un préstamo do importe líquido de ata 2 das súas remuneracións mensuais, sen intereses e cun compromiso de devolución nun prazo máximo de doce meses. Para estes efectos irase descontando mensualmente da nómina a parte correspondente. A extinción do contrato de traballo ou calquera outra causa que orixina a baixa na entidade determinará a devolución do anticipo ou préstamo. Aplicaranse as normas fiscais que correspondan nesta materia.

Este dereito poderán solicitalo á vez ata un 10% do persoal, debéndose esperar á amortización dos préstamos xa concedidos para a concesión dun novo.

O/a traballador/a que teña concedido un préstamo, non poderá solicitar outro ata non ter amortizado integramente o anterior.

Artigo 45. Seguros

A Dirección de Cruz Vermella en Ourense subscribirá unha póliza de seguros colectivo a favor de todas as persoas traballadoras que presten os seus servizos nos centros de traballo do ámbito do convenio, que cubrirá garantías por morte, invalidez total e invalidez absoluta.

Artigo 46. Responsabilidade civil

A Institución concertará unha póliza de seguros destinada a cubrir a eventual responsabilidade civil en que poderán incurrir os/as traballadores/as da institución nas súas funcións.

Artigo 47. Outras melloras

Os familiares de primeiro grao poderán beneficiarse dos servizos e programas que se desenvolven na oficina provincial de Ourense de forma preferente en igualdade de condicións con outros usuarios e con vantaxes económicas segundo os casos.

Capítulo XI. Seguridade e saúde laboral

Artigo 48. Prevención de riscos laborais

En todas as materias que afectan á seguridade e hixiene no traballo e as relacionadas co Comité de Saúde Laboral será de aplicación a Lei 31/1995 de prevención de riscos laborais, as súas normas de desenvolvemento e demais normativa de xeral aplicación.

O Plan de prevención de riscos laborais, debe reflectir os compromisos e obxectivos en materia preventiva, así como as responsabilidades, as funcións, as prácticas, os procedementos e os procesos necesarios para garantir as accións que permitan o desenvolvemento do plan, así como o relativo á avaliación de riscos psicosociais polo benestar e confort, tal e como recolle a Lei de prevención de riscos laborais.

O plan de prevención, que incluírá polo menos:

- Avaliación dos factores de risco que podan afectar á saúde e integridade dos traballadores e traballadoras.
 - Determinación das prioridades na adopción de medidas preventivas axeitadas e a vixilancia da súa eficacia.
 - Información e formación dos traballadores e traballadoras sobre a prevención de riscos e protección da saúde nos postos de traballo.
 - Asegurar a prestación correcta dos primeiros auxilios e plans de emerxencia.
 - Vixilancia da saúde respecto dos riscos derivados do traballo.
- En cumprimento do deber de protección, Cruz Vermella Española en Ourense, adoptará as medidas necesarias para evi-

tar os riscos derivados do traballo do persoal ao seu servizo en todos os aspectos relacionados con el e, en caso necesario, entregará con carácter previo aos/ás traballadores/as o protocolo de actuación para evitar riscos laborais.

Os/as traballadores/as teñen como obrigaón de máxima importancia a de observar as normas de prevención de riscos laborais e colaborar no seu axeitado cumprimento.

Así mesmo, Cruz Vermella Española en Ourense informará aos representantes dos traballadores e traballadoras e a estes das consecuencias sobre a saúde que se derivan do traballo realizado mediante a avaliación de riscos e que poidan influír negativamente no desenvolvemento do art. 26 da Lei de prevención de riscos laborais.

Formación en saúde laboral: de conformidade co art. 19 da Lei de prevención de riscos laborais garantirase que cada traballador/a reciba unha formación teórica e práctica en materia preventiva, tanto no momento da súa contratación, como cando se produzan cambios nas funcións que desempeñe ou se introduzan novas tecnoloxías ou cambios nos equipos de traballo, e deberá impartirse sempre que sexa posible dentro da xornada de traballo, ou no seu defecto, noutras horas pero co desconto daquela do tempo invertido nela.

Comité de seguridade e saúde: deberán nomearse os delegados/as de Prevención e o Comité de Seguridade e Saúde de acordo ao establecido na Lei. O Comité estará formado polos delegados/as de Prevención dunha parte e pola Dirección e/ou os seus representantes en igual número, pola outra. Respecto á designación, nomeamento, funcións e garantías dos delegados/as de Prevención, estarase ao establecido na lexislación vixente.

Facilitarase aos/ás membros do Comité, dentro do horario laboral, o tempo necesario para:

- a. A realización das reunións do Comité de Seguridade e Saúde.
- b. A asistencia ás reunións convocadas por Cruz Vermella Española en Ourense en materia de prevención de riscos.
- c. O tempo necesario para acompañar aos técnicos nas avaliacións de carácter preventivo.

Medidas de emerxencia: segundo o artigo 20 da Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais, Cruz Vermella Española en Ourense, deberá analizar as posibles situacións de emerxencia e adoptar as medidas necesarias en materia de primeiros auxilios, loita contra incendios e evacuación de todo o persoal, designando para iso ao persoal encargado de poñer en práctica estas medidas e comprobando periodicamente, no seu caso, o seu correcto funcionamento. O citado persoal deberá posuír a formación necesaria, ser suficiente en número e dispoñer do material axeitado, en función das circunstancias antes sinaladas.

Para a aplicación das medidas adoptadas, Cruz Vermella Española en Ourense deberá organizar as relacións que sexan necesarias con servizos externos, en particular en materia de asistencia médica de urxencias, salvamento e loita contra incendios, de forma que quede garantida a rapidez e a eficacia das mesmas. En todo caso, Cruz Vermella Española en Ourense deberá garantir a normativa vixente que, sobre medidas de emerxencia, establece a correspondente Administración autonómica.

Vixilancia da saúde: os/as traballadores/as terán dereito a unha revisión médica anual en relación cos riscos específicos do seu traballo. Serán voluntarios, exceptuando aqueles que sexan imprescindibles para avaliar os efectos negativos das condicións de traballo sobre a saúde, para protexer a saúde, ou se, polas características do posto de traballo, a saúde do traballador puidera constituír un perigo para si mesmo, para os demais traballadores e traballadoras e outras persoas.

As traballadoras en período de xestión poderán solicitar o seu traslado a outro posto cando as condicións puideran resultar prexudiciais. A reincorporación farase no seu posto de traballo habitual.

Capítulo XII. Política de igualdade e medio ambiente

Artigo 49. Medio ambiente

As partes asinantes deste convenio consideran necesario que todos os/as integrantes da entidade actúen de forma responsable e respectuosa co medio ambiente, prestando atención á súa defensa e protección, e levando á actuación diaria no ámbito laboral uns procedementos que axuden á súa preservación, así como dirixidos á diminución da pegada de carbono.

Artigo 50. Cláusula xeral de non discriminación

Prohíbese toda discriminación por razón de sexo, opción sexual, relixión, etnia, opción política ou sindical, ou idade en materia salarial e queda prohibida a distinta retribución do persoal que ocupa postos de traballo iguais na organización en razón dalgunha das ditas cuestións. Tanto as mulleres como os homes gozarán de igualdade de oportunidades en canto ao emprego, a formación, a promoción e o desenvolvemento do traballo. Mulleres e homes recibirán igual salario a igual traballo; así mesmo, se lles garantirá a igualdade en canto ás súas condicións de emprego en calquera outros sentidos do mesmo. Adoptaranse as medidas oportunas a fin de que os postos de traballo, as prácticas laborais, a organización do traballo e as condicións laborais se orienten de tal maneira que sexan axeitadas tanto para as mulleres como para os homes.

Así mesmo, as partes asinantes, comprométese a traballar desde a Comisión Paritaria a aplicación de boas prácticas sobre a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres de acordo cos contidos referidos no marco de:

- A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

- A declaración conxunta adoptada no Cumio sobre o Diálogo Social levado a cabo en Florencia, o 21 de outubro de 1995, no que se adoptaron os acordos contidos no documento titulado: "Declaración conxunta relativa á prevención da discriminación racial e a xenofobia e fomento da igualdade de trato no lugar de traballo".

- As observacións, proposicións e criterios xerais de aplicación que reflicten a directiva 2002/73/CE aprobada polo Parlamento e a Comisión Europea, pola que se modifica a Directiva 76/207/CEE.

Artigo 51. Igualdade de oportunidades

En Cruz Vermella Española a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes é un elemento básico da xestión dos recursos humanos, xestión do coñecemento, da calidade e da responsabilidade social que como institución ten Cruz Vermella. Desde Cruz Vermella Española asúmese a política de igualdade que establece o Plan de Igualdade que o Equipo Nacional de Igualdade da institución aprobou en base á diagnose realizada como os Equipos de Igualdade das Oficinas Territoriais de Cruz Vermella Española. Como paires desta política de igualdade no ámbito das relacións laborais que cifra o presente convenio laboral destacamos:

- A aplicación dos principios sobre igualdade de oportunidades entre mulleres e homes que establece o plan de igualdade de Cruz Vermella Española.

- Funcionamento dun equipo de igualdade na Oficina Provincial de Cruz Vermella Española en Ourense, como órgano asesor e de seguimento e implantación do Plan de Igualdade. O equipo de igualdade estará integrado polo axente de igualdade, por unha ou dúas persoas da Área de Secretaría, por unha ou

dúas persoas da Área de Coordinación e por unha persoa designada polo Comité de Empresa.

- Existencia da figura do axente de igualdade, que recaerá no/a secretario/a provincial ou persoa en quen delegue, e será a persoa encargada de liderar o proceso de diagnose e de análise da realidade e do deseño, desenvolvemento e avaliación do plan de acción.

- Cumprimento do protocolo para a prevención e tratamento do acoso sexual, por razón de sexo e acoso moral ou mobbing.

- Regular criterios obxectivos nos procesos de selección, promoción e formación.

- Utilización de accións positivas, consistentes en outorgar o posto de traballo, en igualdade de condicións, ao/a candidato/a cuxo sexo estea subrepresentado no posto de traballo a cubrir.

- Planificar cursos de formación encamiñados a difundir as políticas de igualdade e a perspectiva de xénero no traballo de Cruz Vermella Española.

- Establecer o principio de igual retribución por un traballo de igual valor. Entendendo retribución en sentido amplo, incluíndo todos os conceptos retributivos percibidos e a valoración de todos os postos de traballo.

- Incluír medidas de conciliación da vida laboral e persoal tal e como se recollen no presente convenio.

- Promover unha concepción integral da saúde, poñendo atención tanto aos riscos psíquicos como físicos e desenvolvendo actuacións preventivas dirixidas ao conxunto de traballadores e traballadoras, tendo en conta a realidade e especialidade (acoso sexual, maternidade, etc.) destas últimas.

- Atender ás circunstancias persoais das persoas vítimas de violencia de xénero, establecendo permisos especiais, preferencia de traslado, beneficios sociais, etc., ata a normalización da súa situación.

- Regularizar o uso dunha linguaxe inclusiva non sexista.

Capítulo XIII. Teletraballo e transición dixital

Artigo 52. Teletraballo

O teletraballo é unha fórmula de realización da actividade laboral a distancia, desde o domicilio fixado pola persoa traballadora, mediante a utilización prevalente de medios e sistemas informáticos, telemáticos e de telecomunicación.

O sistema de teletraballo é voluntario e individualizado mediante a subscrición de un acordo individual por parte de Cruz Vermella e o traballador/a, que terá unha duración determinada.

O sistema de teletraballo regularase, con posterioridade á sinatura do convenio, nun documento que se anexionará, no seu momento ao presente convenio como anexo, de acordo á lexislación vixente.

Artigo 53. Uso de ferramentas informáticas de xestión e comunicación

A utilización do correo electrónico e internet, así como a do resto de ferramentas e medios técnicos postos ao dispor dos/as traballadores/as pola institución, axustarase ao disposto na regulamentación vixente.

Recoñécese expresamente o lexítimo dereito da institución de controlar o uso axeitado das ferramentas e medios técnicos que pon ao dispor do/a traballador/a para realizar a súa actividade e a utilización sempre será por motivos laborais.

O correo electrónico, a intranet e internet é de exclusivo uso profesional. Os e as traballadores/as utilizarán estes medios postos ao seu dispor pola entidade exclusivamente para o desempeño do seu posto de traballo e aceptan as normas de utilización do sistema informático.



Non está permitido o envío de mensaxes ou imaxes de material ofensivo, inapropiado ou con contidos discriminatorios por razóns de xénero, idade, sexo, discapacidade, aqueles que promovan o acoso sexual, así como a utilización da rede para chats, redes sociais, xogos de azar, sorteos, poxas, descarga de vídeos, audios, etc., nin calquera outro non relacionados coa actividade profesional.

Artigo 54. Desconexión dixital

As partes asinantes deste convenio coinciden na necesidade de impulsar o dereito á desconexión dixital unha vez finalizada a xornada laboral.

Artigo 55. Transición dixital

Recoñécese o dereito de información e consulta á RLT respecto aos cambios organizativos ou produtivos derivados da dixitalización ou a innovación aplicada aos procesos. A empresa informará á RLT nos casos en que se vaian a realizar modificacións nos métodos de traballo con motivo da transformación dixital, que puideran ter efecto sobre o emprego.

Capítulo XIV. Réxime disciplinario

Artigo 56. Principios informadores

Os preceptos sobre réxime disciplinario teñen como finalidade garantir a normal convivencia e clima laboral, así como a ordenación técnica e a organización das entidades, preservando as facultades disciplinarias da dirección da institución en relación co persoal asalariado.

Para a aplicación das sancións establecidas neste convenio, en desenvolvemento do exercicio do poder disciplinario, haberán de terse en conta as circunstancias concorrentes no suposto sancionado, así como o tipo de conduta negligente ou intencional, mantida ou esporádica, reincidente ou non do traballador ou traballadora afectada.

A actividade sancionadora desenvolverase respectando as condicións de igualdade de trato, proporcionalidade, ponderación e ecuanimidade.

Artigo 57. Gradación de faltas

Os/as traballadores/as, en calquera dos niveis que integran a estrutura da institución, poderán ser sancionados pola Dirección en virtude de incumprimento laboral, de acordo coa gradación de faltas e sancións que se establecen no presente artigo, nas disposicións legais, e no establecido no estatuto dos traballadores.

Será competencia da comisión paritaria que se constituía trala sinatura do presente convenio, a clasificación dos supostos non recollidos neste artigo.

As faltas poderán clasificarse atendendo á súa importancia, reincidencia, e reiteración en leves, graves e moi graves.

1. Terán consideración de faltas leves:

- As ofensas leves, desatencións ou falta de corrección no trato cara os seus compañeiros e compañeiras, e con aquelas persoas coas que se relacione durante o servizo.

- Retraso inxustificable do posto de traballo, incumprindo o estipulado no artigo que regula a flexibilidade horaria.

- A non comunicación da falta ao traballo por causa xustificada, a non ser que se probe a imposibilidade de facelo.

- O abandono de funcións propias do posto de traballo no transcurso dunha xornada.

